

O MOVIMENTO DAS COISAS

1232

Manuela Serra, 1985

ESTREA EN NUMAX: 30.01.2024 | V.O.S.E. | 85 min

Un día de traballo nunha aldea do norte de Portugal. Camiños desertos de vento inquietante. Catro vellas, o campo, o pan, as galiñas. Historias de xestos saboreados en palabras mineralóxicas. Unha familia de dez fillos nunha granxa somérxese na inmensidade do tempo. O pai corta unha árbore. Máis alá, a auga dun río habitado por xente. Unha barca, o sol, a praza da vila, a ponte en construción, o balcón, a comida, a densidade e o misticismo do domingo, a misa e a festa. Nese lugar, Isabel móvese coa mirada posta no futuro. Para os demais, o sentido da vida é só vivir. E o tempo corre entre o amencer e o atardecer.

«Contén xestos belos por ser xustos,
porque son filmados cunha completa fé
no ser humano»

Mário Fernandes, ESCONTROS CINEMATOGRAFICOS



Cando as cousas se moven en círculos

Por Bárbara Mingo Costales

A finais dos anos setenta a lisboeta Manuela Serra, que estivera estudando cinema en Bruxelas entre 1971 e 1974, comezou a rodar unha película en Lanheses, unha freguesía de Viana do Castelo a seis horas a pé da ribeira portuguesa do Miño. Na película retrata a vida dos habitantes do pobo, o traballo constante que esixen o campo e os animais domésticos, as relacións entre os habitantes e a vida cotiá que se levou ao longo de xeracións, ou iso parece ao vela. Serra tardou varios anos en rodar a película, que se estreou en 1985 co título de *O movemento das cousas* e que gañou varios premios en festivais. A pesar dos premios e do interese que espertou, e a pesar de que a súa directora formaba parte do grupo de novos cineastas portugueses, a película non chegou a saltar aos circuitos comerciais e durante case corenta anos e ata a súa recuperación a partir de 2021 mantívose como un fito oculto do cinema portugués, que marca un camiño pero é invisible.

(...) No filme Manuela Serra mantén un vínculo especial co río, neste caso o Limia, que baixa desde o ourensán monte Talariño para fornecer, entre outros, os campos de Lanheses, e que ás veces se identificou co mitolóxico Leteo, igual que se di que Cádiz se ergueu sobre A Atlántida. Esta lenda do río cuxas augas provocan o esquecemento contrasta co empeño da película en conservar, mediante a fotografía en movemento, os últimos reflexos dun mundo que parece a piques de desaparecer. Algúns dos máis belos planos da película recollen a un barqueiro que cruza o río a última hora da tarde, montado de maneira que esa soidade contrasta coa rebuldeira actividade social que hai a poucos quilómetros, na vila. Pero en realidade todos os planos da película poderían considerarse algúns dos máis belos. Os primeiros mostran a vida doméstica, organizada polas mulleres, por suposto. A casa non se limita á propia familia nuclear; expándese ata un sistema de distribución de tarefas e atencións que se mantivo durante xeracións e que se empeza a esfarelar. (...) Hai unha muller nova que se peitea fronte o espello que tamén veremos traballando nunha fábrica, o que nos dá unha pista do século no que estamos. É posible que as reservas que produciu a película e que obstaculizaron a súa distribución normal tivesen que ver coa imaxe que dá de Portugal, como un país ancorado en décadas anteriores do século XX. Ás veces parece que o filme fose rodado na década dos cincuenta.

A película ten trama, pero é unha trama circular, á que poderíamos incorporarnos en calquera momento. Da mesma maneira, os personaxes vanse dando o protagonismo uns a outros a medida que transcorre a metraxe. Quizais a traballadora da fábrica é o personaxe que de maneira máis obvia leva latente unha historia que non se acaba de desenvolver. Precisamente co circular ten que ver unha das secuencias que máis pegada deixan: é o rexistro dunha festa da colleita, para a que se necesita a axuda de todo o pobo e que tamén ten unha parte de celebración. Os participantes cantan á vez que fan o traballo. Repártese comida e bebida. É nesta secuencia onde o agudo ollo pictórico de Serra faise notar de maneira máis evidente: hai primeiros planos de mulleres que lembran ás pinturas do Fayum, só que con máis viveza nas cores, menos ocre. O rubor das fazulas das mulleres fai pensar en pinturas babilónicas nunca vistas. Cando cantan é como asistir a algo máxico, como ver un retrato que comeza a cantar. É imposible asistir a esta festa e non pensar na voda campesiña de Brueghel o Vello. Aquí Manuela Serra fixo maxia. O xesto de encadrar coas mans, cando se está preparando un plano, abre no espazo un oco onde se incrustará o tempo.